

# UN XARDÍN PARA ROSALÍA

24 DE FEBREIRO  
DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO



Co gallo do Día de Rosalía, o Departamento de Lingua Galega e Literatura e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI Alcalde Xosé Pichel propoñenvos a actividade

## UN XARDÍN PARA ROSALÍA

Os días 22 e 23 de febreiro aqueles e aquelas que queirades participar podedes traer o elemento vexetal que vos pareza máis acaído (unha flor, unha folla, unha herba, unha semente, unha froita...).

O motivo vexetal que traiades deberá ir acompañado dun pequeno texto poético da vosa autoría e relacionado con ese elemento.

Eses dous días haberá unha mesa a carón da conserxería para colocar os traballos recibidos.

Os textos poden ir desde un pareado (dous versos que riman entre si) ata a extensión que vós queirades.

O día 24 de febreiro, conmemoración do 184 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, faremos unha exposición con todo o material recibido.

As mellores propostas poéticas subirémolas á páxina web do centro para que todo o mundo poida lelas!